

# BOLETÍN DE INSCRICIÓN

## X XORNADAS SOCIEDADE E DEREITO

"Cuestiós actuais da Xustiza en España"

**NOME.....**

**APELIDOS.....**

**DNI/PASAPORTE.....**

**DIRECCIÓN.....**

**POBOACIÓN.....**

**CP.....PROVINCIA.....**

**PROFESIÓN/CURSO DE**

**ESTUDIOS.....**

### INGRESO DAS TAXAS DE MATRÍCULA:

En calquera sucursal de BANCO DE SABADELL mediante impreso de pago do curso na conta **0081-5290-73-0001465455**. A folla de inscrición remitirase ó Director das Xornadas, José Agustín González-Ares Fernández, acompañada dunha fotocopia da transferencia bancaria e do DNI á Facultade de Dereito, Campus Universitario, As Lagoas s/n, CP 32004 - Ourense.

### PARA O CASO DE DEVOLUCIÓN DAS TAXAS POR CANCELACIÓN DAS XORNADAS:

DATOS DA CONTA BANCARIA

OFICINA.....DC.....NÚMERO.....

**A información contida no boletín de inscrición tratarase confidencialmente**

### Organizadores:



Universida de Vigo

### Colaboradores:



Vicerreitoría do Campus de Ourense  
Universida de Vigo



Sabadell

### PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o luns 1 de abril de 2013

A matrícula entenderase formalizada cando o alumno entregue toda a documentación completa (boletín de inscrición, fotocopia do DNI e resgado do pagamento de taxas)

### DURACIÓN

37 horas lectivas

É obrigatorio asistir ao 85% das clases para recibir o diploma

### VALIDACIÓN ACADÉMICA

1 crédito ECTS (Titulacións de Grao) ou 2 créditos de Libre Elección (Licenciaturas/Diplomaturas) para todos os alumnos do Campus de Ourense e os da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.

### INFORMACIÓN

Prof. Dr. José Agustín González-Ares Fernández  
Área de Dereito Constitucional  
Facultade de Dereito - Edificio Xurídico-Empresarial.  
Campus Universitario. As Lagoas s/n. CP 32004 - Ourense  
ares@uvigo.es  
Teléfono 988368827  
www.agex.es

### TAXAS DE MATRÍCULA

Normal: 64 euros

Reducida: 32 euros para alumnos da Universidade de Vigo e Licenciados en Dereito (50% de desconto)  
16 euros para bolsieiros (75% de desconto)

# X XORNADAS

## SOCIEDADE E DEREITO



### "Cuestiós actuais da Xustiza en España"

Director:

**Prof. Dr. José Agustín González-Ares Fernández**

Ourense, 2, 3, 4, 9, 11 e 12 de abril de 2013

Salón de Graos da Facultade de Dereito

Universida de Vigo



Asociación Galega de Estudios Xurídicos

# X XORNADAS SOCIEDADE E DEREITO

## “Cuestións actuais da Xustiza en España”

A Xustiza é un dos temas candentes da sociedade actual. O progreso operado en España nas últimas tres décadas non alcanzou a unha Administración de Xustiza que se mostra incapaz de ofrecer á cidadanía un servizo público de calidade, moderno, eficaz, eficiente e adecuado ás necesidades dos nosos días.

A tutela xudicial efectiva, consagrada no artigo 24. 1 da Constitución, é un dereito básico e fundamental ao que todos e todas debemos ter acceso sen ningún tipo de cortapisa. Os cidadáns e cidadás deben confiar na Xustiza como último recurso para protexer os seus dereitos e bens. O descrédito da Administración de Xustiza e o seu mal funcionamento constitúen, sen ningunha dúbida, unha das disfuncionalidades máis perigosas para un sistema democrático.

A nosa Administración de Xustiza, inconexa, obsoleta e caótica, incapaz de xerar confianza nin cara a dentro nin cara a fóra, necesita unha reforma ampla e integral. Urxe conseguir un sistema xudicial racional, áxil, seguro, sensato, confiable, apolítico..., nunha sola palabra: “xusto”.

Son moitas as cuestións a debater, os retos a afrontar e as decisións a adoptar e iso tanto no que respecta á propia organización da Xustiza, como, principalmente, ao accesos á mesma e ao exercicio polos seus titulares da potestade xurisdiccional atribuída. Desta e outras cuestións, e dos cambios anunciados polo Goberno, reflexionaremos nestas Xornadas.

Sirva un ano máis este evento, dirixido a estudiantes, posgraduados, profesionais do Dereito e das Ciencias Sociais e público en xeral, para enriquecer a oferta académica e cultural da cidade e provincia de Ourense no marco universitario.

### OBXECTIVOS:

- 1º. Analizar a situación actual da Administración de Xustiza en España
- 2º. Reflexionar sobre os retos a afrontar e as decisións a adoptar tanto no que respecta á propia organización da Xustiza como o acceso á mesma.
- 3º. Estudar e analizar os desafíos que a globalización e a tecnificación supoñen para a Administración de Xustiza.
- 4º. Examinar as reformas más acuantes que a sociedade demanda para o sistema de Xustiza no seu conxunto.
- 5º. Profundar na análise de tutela xudicial efectiva como un derecho básico e fundamental ao que todos os cidadáns e cidadás deben ter acceso sen ningún tipo de cortapisa.
- 6º. Afrontar os novos retos que as profesións xurídicas e os profesionais da Administración de Xustiza esixen.

## PROGRAMA

### 2 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. Entrega de documentación e inauguración das Xornadas.

- D. Agustín Fernández Gallego (Alcalde de Ourense)  
D. José Manuel Baltar Blanco (Presidente da Deputación Provincial de Ourense)  
D. Ernesto Pedrosa Silva (Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo)  
Dª. María Lameiras Fernández (Vicerreitora do Campus de Ourense)  
D. Fernando Alañón Olmedo (Presidente da Audiencia Provincial de Ourense)  
D. Roberto Bustillo Bolado (Decano da Facultade de Dereito de Ourense)

#### 16:15 h. “A Administración de Xustiza ante as recentes e futuras reformas”.

- D. Fernando Alañón Olmedo. Presidente da Audiencia Provincial de Ourense.  
17:25 h. “Organización xudicial e proceso en Inglaterra: leccións para España”.

- Prof. Dr. D. Luis Rodríguez Ennes. Catedrático de Dereito Romano e Sistemas Xurídicos Comparados na Universidade de Vigo.

#### 18:35 h. “A nova Lei de Mediación Civil e Mercantil”.

- Prof. Dr. Dª Inés Celia Iglesias Canle. Profesora Titular de Dereito Procesual na Universidade de Vigo.

#### 19:40 h. “A Xustiza no cine español: *El verdugo* (L. García Berlanga)”.

- D. Víctor González Adán. Avogado.

### 3 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. “A Xustiza de inmediación”.

- D. Miguel A. González Trigás. Avogado.

#### 16:35 h. “O recurso de amparo constitucional: a súa problemática e realidade actual”.

- Prof. Dr. Dº Noemí García Gestoso. Profesora de Dereito Constitucional na Universidade de Vigo.

#### 17:35 h. “Dos órganos unipersonales aos Tribunales de instancia”.

- D. Antonio Piña Alonso. Maxistrado Xuíz Decano de Ourense.

#### 18:50 h. “Xustiza, igualdade e xénero en España”.

- Prof. Dr. Dª Rosa Rico Casas. Profesora da ÁREA de Ciencia Política na Universidade de Vigo e Profesora da UNED en Pontevedra.

#### 19:55 h. “A Xustiza no cine español: *El crimen de Cuenca* (Pilar Miró)”.

- Prof. Dr. D. Pablo Raúl Bonorino Ramírez. Profesor Titular de Filosofía do Dereito na Universidade de Vigo.

### 4 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. “Xustiza xuvenil: problemas que suscitan actualmente a protección e reforma de menores”.

- Dª María del Carmen Eiró Boiza. Fiscal de Menores da Fiscalía Provincial de Ourense.

#### 16:40 h. “O proceso penal: as reformas pendentes”.

- Prof. Dr. D. Bernardino Varela Gómez. Profesor Titular de Dereito Procesual na Universidade de Santiago de Compostela.

#### 18:00 h. “A deconstrucción do Estado de Dereito”.

- D. Arturo González Estévez. Decano do Colexio de Avogados de Ourense.

#### 19:10 h. “Os novos retos da profesión de Procurador dos Tribunais”.

- Dª Ana María López Calvete. Vicedecana do Colexio de Procuradores de Ourense.

#### 20:20 h. “Xustiza penal e vítimas: instrumentos de tutela e perspectivas de futuro”.

- Prof. Dr. Dª Ágata Sanz Hermida. Profesora Titular de Dereito Procesual na Universidade de Castilla-La Mancha.

### 9 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. “A Xurisdicción internacional: desafíos no século XXI”.

Prof. Dr. Dª Belén Sánchez Ramos. Profesora de Dereito Internacional Público na Universidade de Vigo.

#### 16:35 h. “Impunitude e discursos de negación: unha perspectiva histórica do tratamento dos crimes da Ditadura franquista desde a Transición até os nosos días”.

Prof. Dr. D. Antonio Míguez Macho. Profesor de Historia na Universidade de Santiago de Compostela.

#### 17:45 h. “Lei de Asistencia Xurídica Gratuita: unha escusa para reformar a Xustiza”.

D. Alejandro Pérez Garrido. Secretario do Colexio de Avogados de Ourense.

#### 18:50 h. “A investigación policial no marco da Lei de Axuizamento Criminal”.

D. Jesús Gómez Suárez. Capitán da Guardia Civil.

#### 20:00 h. “A Xustiza no cine español: *La familia de Pascual Duarte* (R. Franco)”.

D. Ignacio Caseiro Gómez. Licenciado en Dereito e membro da AGEX.

### 11 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. “O Xurado na Constitución española de 1978”.

Prof. Dr. D. José Agustín González-Ares Fernández. Profesor de Dereito Constitucional na Universidade de Vigo.

#### 16:40 h. “O confidente e o arrepentido nos delitos de corrupción e contra o mercado”.

Prof. Dr. D. Juan Carlos Ortiz Pradillo. Profesor de Dereito Procesual na Universidade de Castilla-La Mancha.

#### 17:50 h. “Os elementos tuitivos do traballador na xurisdicción social”.

Prof. Dr. D. Jaime Cabeza Pereiro. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Universidade de Vigo.

#### 19:00 h. “2011-2012: dous anos de progresivo deterioro dun bo sistema xudicial de control de poder público construído e mellorado ao longo de máis de medio século”.

Prof. Dr. D. Roberto O. Bustillo Bolado. Decano da Facultade de Dereito de Ourense.

#### 20:05 h. “A Xustiza no cine español: *Queridísimos verdugos* (B. Martín Patino)”.

Dª María V. Álvarez Buján e D. Ángel Rodríguez Escribano. Estudiantes de Dereito.

### 12 DE ABRIL DE 2013

#### 15:30 h. “Tutela xudicial efectiva e tasas xudiciais”.

Prof. Dr. Dª Almudena Bergareche Gros. Profesora Titular de Dereito Constitucional na Universidade de Vigo.

#### 16:35 h. “Os custos económicos da Xustiza ¿son de xustiza os custos?”.

Prof. Dr. D. Alberto Vaquero García. Profesor Titular de Economía Aplicada na Universidade de Vigo.

#### 17:40 h. “Incidencias das reformas laborais nos Xulgados”.

D. José Roig Valdivieso. Secretario xudicial do Xulgado do Social número 3 de Ourense.

#### 18:45 h. “O Ministerio Fiscal: presente e futuro”.

D. Florentino Delgado Ayuso. Fiscal Xefe da Fiscalía Provincial de Ourense.

#### 19:50 h. “A tutela cautelar no proceso contencioso-administrativo”.

Prof. Dr. D. Luis Míguez Macho. Decano da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela.

#### 21:00 h. Acto de clausura das Xornadas e entrega de diplomas.

D. Florentino Delgado Ayuso. Fiscal Xefe da Fiscalía Provincial de Ourense.

D. Luis Míguez Macho. Decano da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

D. Roberto O. Bustillo Bolado. Decano da Facultade de Dereito de Ourense.